



Visto o expediente 188/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Núm. Expediente: 188/2026

Interesado: -----

Organismo: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

ANTECEDENTES

Primeiro. O 9.4.2026 ----- interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación, ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación presunta da súa solicitude do 19.2.2026, de acceso a diversa documentación dun protocolo de acoso e do procedemento corrector levado a cabo no IES Arcebispo Xelmírez II.

Xunto coa reclamación o interesado achegou unha copia da solicitude presentada o 19.2.2026 ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como outra solicitude de información dirixida o 23.1.2026 á Dirección do IES Arcebispo Xelmírez II.

Segundo. Na tramitación da reclamación a Comisión da Transparencia solicitou da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a remisión do expediente administrativo ao que deu lugar a solicitude do 19.2.2026, así como a emisión dun informe sobre a reclamación presentada.

O 19.5.2026 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia,

Universidades e Formación Profesional emitiu un informe no que indicou que o 6.5.2026 o IES Arcebispo Xelmírez II xa lle entregara unha copia da documentación solicitada ao centro o 23.1.2026.

O 27.5.2026 tivo entrada nesta Comisión unha copia da resposta á petición de información do reclamante do 23.1.2026, asinada pola Dirección do centro escolar o 5.5.2026, e que foi recibida polo señor ----- o 6.5.2026 segundo se acredita co correspondente xustificante de recepción.

Posteriormente, e previo requirimento da Comisión, o 12.6.2026 se recibiu un informe complementario da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no que se manifestou que, á data do 19.2.2026, o procedemento corrector derivado do protocolo de acoso xa rematara.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia.

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Segundo. Especial mención á información particular da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no seu informe do 19.5.2026, rexeita que a solicitude do 19.2.2026 presentada polo señor R. C. poida cualificarse como unha solicitude de información pública na medida na que aquela se cualificou polo propio interesado como unha solicitude de información particular, regulada na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos, e no Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.

Velaí a necesidade de determinar, con carácter previo, se a reclamación prevista no artigo 28 da LTAIP pode empregarse para os supostos da falta de contestación por parte da Administración a unha solicitude de información particular.

A este respecto ha de tomarse en consideración que a Lei 1/2015, do 1 de abril, ao regular a información particular, configura esta como un tipo de información pública ao sinalar que *“A información pública, en función do seu contido, poderá ser de carácter xeral ou particular, e comprenderá, ademais da recollida nos artigos 11 e 12 da presente lei, a que determine a normativa de transparencia da actividade pública, así como o acceso aos arquivos e rexistros a que se refire o artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”*.

Ademais, e polo que aquí nos interesa, o artigo 12 da mesma lei regula a información particular, aludindo á necesaria consideración, á hora de facilitar o acceso, dos límites previstos no artigo 14 da LTAIP, ao tratarse esta información particular, como xa se indicou, dun tipo de información pública. Sinala así o artigo 12 da Lei 1/2015, do 1 de abril:

“1. A información particular é aquela que versa sobre o estado ou contido de procedementos en tramitación ou xa finalizados, así como sobre a identificación das autoridades e persoal ao servizo do sector público autonómico responsables da súa tramitación.

2. Esta información só poderá ser facilitada ás persoas que teñan a condición de interesadas en cada procedemento, ou a quen exerza a súa representación legal, de acordo co disposto nos artigos 31 e 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos termos establecidos no artigo 37 da devandita lei, na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 14 da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

3. A información particular será proporcionada polos órganos, servizos e unidades de xestión dos ámbitos competenciais específicos”.

Pois ben, partindo desta configuración legal da “*información particular*”, é preciso xa entrar a analizar se o acceso a tal información constitúe, ou non, un réxime xurídico específico de acceso nos termos establecidos na disposición adicional primeira da LTAIP, que, baixo a rúbrica “*Regulacións especiais do dereito de acceso á información pública*”, dispón o seguinte:

“1. A normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesado no procedemento administrativo nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo”

2. Rexeranse pola súa normativa específica, e por esta Lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información.

3. Neste sentido, esta Lei será de aplicación, no non previsto nas súas respectivas normas reguladoras, ao acceso á información ambiental e á destinada á reutilización”.

Da regulación contida nesta disposición adicional primeira da LTAIP resultan dous supostos:

- a) Para o caso dos interesados nun procedemento administrativo en curso, será aplicable a normativa reguladora de cada procedemento.
- b) Para aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso, rexerá, en primeira instancia, a normativa específica e, con carácter supletorio a LTAIP.

Deste xeito, se a información particular é *“aquela que versa sobre o estado ou contido de procedementos en tramitación ou xa finalizados, así como sobre a identificación das autoridades e persoal ao servizo do sector público autonómico responsables da súa tramitación”* e que só pode facilitarse aos interesados en cada procedemento, atendendo ás previsións recollidas na disposición adicional primeira da LTAIP, son dúas as circunstancias que poden darse:

- a) Se o que se solicita polos interesados é o acceso á información particular dun procedemento administrativo en curso, rexerá a normativa reguladora do correspondente procedemento.
- b) Se o que se solicita polos interesados é o acceso a información particular dun procedemento administrativo xa rematado, rexerá a normativa reguladora do correspondente procedemento e, supletoriamente, a LTAIP.

É aquí onde é importante considerar que, se o que se solicita é, ao abeiro da Lei 1/2015, do 1 de abril, información particular dun procedemento administrativo xa rematado, a existencia do réxime xurídico específico de acceso recollido na Lei 1/2015, do 1 de abril, e tamén no Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico, non exclúe a posibilidade de interpoñer unha reclamación ante esta Comisión, consonte á xurisprudencia sentada na Sentenza do Tribunal Supremo do 10.3.2022, rec. 3382/2020, que, aínda que referida ao acceso á información por parte dos

membros das corporación locais, sinalou:

“...esta viabilidade de la reclamación prevista en el artículo 24 de la no es fruto de ninguna técnica de "espiguelo" normativo sino consecuencia directa de las previsiones de la propia Ley de Transparencia y Buen Gobierno, en la que, como hemos visto, se contempla su aplicación supletoria incluso en aquellos ámbitos en los que existe una regulación específica en materia de acceso a la información, y, de otra parte, se establece que la reclamación prevista en la normativa sobre transparencia y buen gobierno sustituye al recurso de alzada allí donde estuviese previsto (lo que no es el caso del ámbito local al que se refiere la presente controversia), dejando en cambio a salvo la posible coexistencia de dicha reclamación con el recurso potestativo de reposición”.

Isto é, sen prexuízo da posibilidade de que o solicitante de información particular nun procedemento xa rematado poida interpoñer unha queixa de acordo co previsto no artigo 12 do Decreto 129/2016, do 15 de setembro, o carácter supletorio da LTAIP tamén habilita ao solicitante á interposición dunha reclamación ante os órganos de garantía do dereito de acceso, como é esta Comisión.

No caso que nos ocupa, no que, segundo informa a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o procedemento corrector xa rematara á data da presentación da solicitude, resulta clara a competencia da Comisión para coñecer da reclamación presentada.

Terceiro. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 23.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativo, para os efectos do disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do

procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

“As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente Lei recoñece ás persoas e aos interesados en todo procedemento administrativo”.

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal *“A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”*¹.

Cuarto. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como *“A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo”*, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 20.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas se entenderán desestimadas.

¹ A referencia á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derrogada, debe entenderse realizada á LPAC.

Pois ben, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP han de entenderse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición da reclamación no caso de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que *“Se o acto non fora expreso o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo”*. Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016, do 17 de febreiro.

Pois ben, segundo resulta da documentación que consta no expediente, dende que a persoa interesada presentou, o 19.2.2026, ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a súa solicitude de información, ata o 9.4.2026, data na que formulou reclamación ante esta Comisión, transcorreu máis do prazo dun mes co que conta a Administración para dar resposta á solicitude de acordo co artigo 20.1 da LTAIP.

Deste xeito, téndose xa producido á data da interposición da reclamación ante esta Comisión a desestimación presunta da solicitude de información, a reclamación debe entenderse presentada en prazo.

Quinto. O dereito de acceso á información pública

A Constitución española establece no seu artigo 105.b) que a lei regulará o acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, agás no que afecte á seguridade e defensa do Estado, á pescuda dos delitos e á intimidade das persoas.

A este respecto a Sentenza do Tribunal Constitucional 164/2021, do 4 de outubro, indicou como este precepto non recolle unicamente un principio reitor

da actuación das Administracións públicas, senón un auténtico dereito público subxectivo exercitable fronte a aquelas. Sinalou así a precitada sentenza:

«El art. 105 b) CE, encuadrado en el título IV, "Del Gobierno y de la Administración", incorpora un principio objetivo rector de la actuación de las administraciones públicas (art. 103.1 CE), derivado de exigencias de democracia y transparencia, así como un derecho subjetivo de las personas, ejercitable frente a las administraciones, con sujetos, objeto y límites definidos en el propio precepto constitucional, que fue desarrollado inicialmente en los arts. 35 h) y 37 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, y actualmente en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

[...]

A la vista de lo expuesto, debe señalarse que el acceso a la información integra el contenido de un derecho público subjetivo ejercitable frente a la administración que, no siendo absoluto, solo puede ser limitado por motivos predeterminados en la ley, en virtud de una previa ponderación de los intereses en juego. De este modo, la posibilidad de limitar el acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la administración».

No mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 7.2.2023, rec. 8005/2021, e do 21.4.2023, rec. 350/2022, salientando tamén este Tribunal nas Sentenzas do 29.5.2024, rec. 1262/2023, e do 11.9.2025, rec. 7878/2024, a estreita relación do dereito de acceso á información pública coa transparencia na actuación administrativa e co principio de boa administración recollido no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Tratándose, xa que logo, o dereito de acceso dun auténtico dereito subxectivo da cidadanía fronte ás Administracións públicas, o artigo 13 d) da LPAC recolleu, coma un dereito das persoas nas súas relacións con elas, “o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013,

do 9 de decembro, *de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico*".

Como sinala a exposición de motivos da LTAIP, o acceso á información pública debe ser un dos eixos fundamentais da acción política pois *"só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos"*.

Neste sentido o dereito de acceso á información pública vén atribuído a tódalas persoas (artigos 12 da LTAIP e 24.1 da LTBG), sen que estas teñan a obriga de motivar a súa solicitude de acceso á información (artigos 17.3 da LTAIP e 26.4 da LTBG).

E, respecto do que ha de entenderse por *"información pública"* o artigo 24.1 da LTBG, seguindo o disposto no artigo 13 da LTAIP, a define coma os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, engadindo que tamén se considerará información pública, a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos contemplados no artigo 4 da lei.

Deste xeito, a normativa de transparencia delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos coma contidos específicos e se estende a todo tipo *"formato ou soporte"*. Ao mesmo tempo, acouta o seu alcance, esixindo a concorrencia de dous requisitos que determinan a natureza *"pública"* da información, cales son: a) que se atopen

“*en poder*” dalgún dos suxeitos obrigados, e b) que fosen elaboradas ou obtidas “*no exercicio das súas funcións*”.

A amplitude no recoñecemento legal do dereito de acceso foi tamén recoñecida na Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, segundo a cal:

“en la Ley 19/2013 queda reconocido el derecho de acceso a la información pública como un auténtico derecho público subjetivo, al establecer que “Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley (artículo 12); que la Exposición de Motivos de la Ley configura de forma amplia ese derecho de acceso a la información pública, del que son titulares todas las personas, y que podrá ejercerse sin necesidad de motivar la solicitud; que este derecho solamente se verá limitado en aquellos casos en que así sea necesario por la propia naturaleza de la información -derivado de lo dispuesto en la Constitución Española- o por su entrada en conflicto con otros intereses protegidos; y, en fin, que, en todo caso, los límites previstos se aplicarán atendiendo a un test de daño (del interés que se salvaguarda con el límite) y de interés público en la divulgación (que en el caso concreto no prevalezca el interés público en la divulgación de la información) y de forma proporcionada y limitada por su objeto y finalidad”.

Sexto.- Análise do expediente

A persoa interesada solicitou o 19.2.2026 á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, como información particular, o acceso á seguinte información particular:

- a) Número de entrevistas, documentadas e datadas, feitas polo equipo de orientación do centro á vítima e aos presuntos acosadores dende o 29.9.2025 ata o 11.12.2025.
- b) Información sobre a comprobación da veracidade dos feitos comunicados á súa familia e a determinación da existencia de indicios de acoso.
- c) O ditame derivado da investigación.

- d) Copia dos anexos I, II e IV do protocolo de acoso e ciberacoso da Xunta de Galicia.
- e) Os informes das reunións coas persoas implicadas e as súas familias.
- f) O seguimento e avaliación da medida de cambio de grupo do alumno afectado dende o 15.12.2025.
- g) As medidas adoptadas polo centro para o seguimento e apoio do alumno.
- h) Indicación de se o protocolo de acoso segue aberto e rexistro de todas as incidencias ou intervencións.

No entanto, a Consellería non deu resposta á súa solicitude de acceso á información, polo que o interesado se viu obrigado a interpoñer a presente reclamación.

A este respecto ha de salientarse que o dereito da cidadanía a solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da LTAIP e LTGB calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, por canto tal resposta é unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

En concreto, no suposto que nos ocupa, consta que a solicitude de acceso realizada o 23.1.2026 á Dirección do IES Arcebispo Xelmírez foi contestada o 6.5.2026 pola directora do centro escolar. Non ocorreu o mesmo coa solicitude dirixida o 19.2.20216 á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que non chegou a ser resolta, sen que neste punto poida prosperar a alegación da Consellería de que a solicitude de acceso do 19.2.2026 xa foi resolta coa contestación da Dirección do IES Arcebispo Xelmírez II do 6.5.2026.

Certamente, unha e outra solicitude de información son moi similares, se ben isto non habilita a entender que é suficiente coa contestación a unha delas.

Neste punto ha de salientarse que, dado que ambas as dúas solicitudes gardaban unha identidade substancial, esta circunstancia habilitaba ao órgano competente para resolver, para proceder a súa acumulación nos termos do artigo 57 da LPAC e, así, resolvelas conxuntamente. Máis, loxicamente, xa resolta a solicitude de información dirixida á Dirección do centro escolar o 23.1.2026, esta acumulación xa non é posible, debendo procederse á resolución expresa da solicitude de información particular do 19.2.2026.

Así as cousas, e cinguindo a nosa análise á desestimación presunta da solicitude de información realizada polo reclamante o 19.2.2026, cómpre que esta sexa resolta polo órgano competente para o efecto (artigo 10 do Decreto 126/2019, do 15 de setembro).

En todo caso, con carácter previo á resolución e dada a supletoriedade da LTAIP, haberá de atenderse ao disposto no artigo 15 desta lei respecto da precisa protección dos datos de carácter persoal que se poidan recoller na información solicitada, cunha especial consideración á protección dos dereitos e datos de carácter persoal dos menores (artigo 15.3 d) da LTAIP).

A resolución que finalmente se dite deberá formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se atopa a interposición, con carácter potestativo, dunha reclamación ante esta Comisión.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Primeiro. Estimar a reclamación presentada por ----- contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude de información presentada o 19.2.2026 ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Segundo. Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, resolva a solicitude de información presentada polo reclamante, respectando as previsións contidas nos artigos 15 e ss. da LTAIP, e no artigo 22 da mesma lei no que atinxe á formalización do acceso.

Terceiro. Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia unha copia da resolución notificada á persoa reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Andres Lago Louro

Presidente da Comisión da Transparencia